

# NORMATIVA

## Normativa de Composición e Funcionamento da Comisión de Coordinación entre as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Versión consolidada: 1 de decembro de 2015

Universidade de Vigo





## NORMATIVA DE COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN ENTRE AS FACULTADES DE DEREITO E DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

(Aprobada na Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do 1 de decembro de 2015)

O Grao en Dereito impártese, na Universidade de Vigo, en dous Centros e en dúas cidades distintas como son a Facultade de Dereito en Ourense e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo.

Consciente desta realidade, a Memoria do título previu a existencia dunha Comisión de Coordinación entre as Facultades para avaliar e adoptar decisións en relación co desenvolvemento da docencia e das actividades formativas, principalmente.

Artigo 1. Composición da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito.

Compoñen a Comisión de Coordinación do Grao en Dereito as persoas que exerzan as funcións de Decana/o e de Coordinador/a de Grao nos respectivos centros.

As/os Decanas/os poderán delegar a asistencia a algunha Comisión específica, debendo constar este feito na acta da devandita Comisión.

Ás reunións da Comisión poderán asistir outras persoas que se considere, por común acordo, que poidan realizar achegas relevantes para os asuntos que se sometan á Comisión.

Artigo 2. Convocatoria e funcionamento.

A convocatoria da Comisión corresponderá as/os Decanas/os, procurándose que se realice de forma alterna e, tamén, que as reunións se realicen nos dous centros. As reunións poderán realizarse, si así se prevé na súa convocatoria, por videoconferencia, intentando manter a quenda nas convocatorias.



A convocatoria incluíra o lugar de reunión, a data e a hora da convocatoria, así como a orde do día. Deberá realizarse con 48 horas de antelación.

Para o funcionamento da Comisión será preciso que estean presentes, a lo menos, os Decanos/as dos respectivos centros, ou persoa en quen deleguen, e un Coordinador/a. A Presidencia corresponderalle á/ó Decana/o convocante, e as funcións de secretaría serán desempeñadas pola/o PDI do seu Centro que determine a/o presidenta/e. Levantarase acta das reunións e será gardada, logo de aprobada e asinada por duplicado, nos dous centros.

Os acordos adoptaranse de común acordo e por consenso, tendo en conta o disposto na Memoria do título, na normativa de docencia e de calidade.

A Comisión poderá delegar o exercicio das concretas competencias que se determinen nos dous Coordinadores de Grao conxuntamente, os que para tales efectos actuarán de común acordo.

### Artigo 3. Competencias.

A Comisión de coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que van xurdindo en todos os asuntos nos que sexa necesaria a Coordinación entre Centros, e, logo de acordo entre as/os Decanas/os, outros asuntos nos que a coordinación poda ser conveniente.

### Disposición final

A presente normativa entrará en vigor unha vez aprobada polas respectivas Xuntas de Facultade e, previo informe favorable, das Comisións de Calidade.